

PROXECTO EDUCATIVO DO IES PONTEPEDRIÑA

1. Principios educativos básicos do IES Pontepedriña

O Instituto de Pontepedriña pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación da xuventude do seu contorno, nun ambiente plural que promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual nunha perspectiva crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia do noso tempo.

Os obxectivos xerais que inspiran o proxecto educativo son necesariamente amplos para que poidan ser asumidos por todas as persoas que compartan valores democráticos. Non pretenden constituírse en metas preestablecidas que deban ser alcanzadas por todos e cada un dos e das estudantes, senón en orientacións para o desenvolvemento das competencias e capacidades de cada alumno ou alumna, polo que cómpre concretalos en cada caso. Todos os colectivos presentes no centro comprométese a asumilos e desenvovelos na medida das súas competencias e responsabilidades, valorando periodicamente a adecuación entre as finalidades declaradas e o funcionamento escolar.

As actividades do Instituto de Pontepedriña estarán en consonancia coas seguintes finalidades, e obxectivos:

1.- Lograr o desenvolvemento social e individual do alumnado do noso centro, tratando de que adquiran unha formación reflexiva e crítica, adecuada para o mundo no que viven.

O sistema educativo pode e debe proporcionar aos e ás adolescentes os instrumentos intelectuais necesarios que lles permitan identificar, analizar e valorar criticamente a sociedade na que viven e os valores e crenzas presentes nela. Ante os desafíos sociais vixentes na actualidade o Proxecto Educativo do Centro propón unha educación que contemple o desenvolvemento dos valores que poidan contribuír, na medida das nosas posibilidades, a reducir os riscos da crecente desigualdade e exclusión social, e a favorecer o sentimento de identidade colectiva múltiple, fomentando unha lealdade plural a diversas comunidades que conviven na nosa cidade e no noso país. Neste sentido, a comunidade educativa de Pontepedriña comprométese cos seguintes obxectivos:

- Promover o desenvolvemento da **conciencia de especie humana** que, consecuentemente, debe asumir unha actitude solidaria co dereito que teñen as xeracións futuras de gozar dos limitados recursos que existen na Terra. Este obxectivo concretarase en propiciar o respecto pola

Natureza, polo patrimonio natural e construído, pola conservación e mellora dos espazos e recursos de uso común, comezando polo propio centro e o seu entorno.

- Contribuír a asumir unha **conciencia social** que recoñeza as desigualdades existentes na sociedade, e o dereito que teñen todas as persoas á igualdade de oportunidades para desenvolver as súas propias capacidades, tanto intelectuais como materiais. Neste sentido, o IES tratará de converterse nun espazo de inclusión e integración social tratando de dar resposta aos problemas presentes na sociedade que sofre, dunha parte, as tensións aparelladas a un crecemento económico que non contribúe a minorar as diferenzas sociais, e, doutra, as presións culturais derivadas duns movementos migratorios dunha intensidade inesperada. No Centro promoverase o coñecemento das desigualdades que existen en todo o Planeta, e na nosa propia sociedade máis achegada fomentado actitudes solidarias. O instituto colaborará na medida das súas posibilidades na difusión de campañas de solidariedade cos máis desfavorecidos, como por exemplo as promovidas por ONGs (recollida de materiais escolares para países do Terceiro Mundo, axuda a refuxiados, etc.).
- Favorecer o desenvolvemento dunha **conciencia de identidade** que implica recoñecer e valorar diferenzas individuais e colectivas, e dentro destas as comunidades de pertenza, rexeitando calquera superioridade dun grupo, cultura ou nación sobre os demais. Neste senso os distintos órganos do centro comprométese a utilizar normalmente o idioma galego no seu funcionamento habitual (rotulación, clases, materiais, comunicacións internas e externas, etc...). Intentará manter relacións de colaboración con algunhas asociacións de ámbito local, nacional, etc. (xjuvenís, de veciñanza...); promover lazos de coñecemento e colaboración internacional institucionalizando, ampliando e deseñando actividades nos intercambios escolares, etc.; e por suposto desde as áreas promotoras destas actividades adecuando os contidos curriculares a esta dimensión educativa. Queremos que o noso centro estea máis integrado no seu entorno social, fomentando a participación cívica no funcionamento cotián, e promovendo actividades escolares alén o estrito recinto académico.
- Propiciar unha **conciencia de xénero** baseada na ética da igualdade, desde a que se identifiquen e se tome partido contra as discriminacións das mulleres ou de calquera outro colectivo humano. As *declaracións* de igualdade de xéneros son hoxe habituais e os progresos neste campo foron moi importantes nos últimos tempos, pero aínda estamos lonxe de conseguir resultados plenamente satisfactorios. Cómpre combater contidos e comportamentos sexistas no centro, adquirindo, tanto o profesorado coma o alumnado, o compromiso de censurar calquera manifestación deste tipo que se realice na súa presenza; o profesorado velará por promover a participación das alumnas en plano de igualdade en todo tipo de actividades, escolares ou extraescolares, que se desenvolvan.

- Desenvolver un espazo de **convivencia plural** baseada na neutralidade, a tolerancia e a non discriminación, para que todo o alumnado, tanto galego como inmigrante, sexa cal for, a súa crenza relixiosa, lingua, etnia ou cultura, poidan atopar no centro a súa casa común, o lugar onde se constrúe sobre o que os une, deixando de lado o que os separa; no que se respecte positivamente a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión e as opcións ideolóxicas, políticas e morais do alumnado, das súas familias, do profesorado e dos demais traballadores e traballadoras do centro. Un espazo no que se asume normalmente o pluralismo relixioso, filosófico, ideolóxico, político e moral da sociedade, rexeitando o proselitismo e o adoutramento a favor dunha relixión particular, dun sistema filosófico, dunha opción política, ideolóxica ou moral.
- Contribuír ao desenvolvemento de hábitos de **participación democrática** do alumnado, das familias e do profesorado na xestión democrática da vida escolar, revitalizando os órganos colexiados de goberno, e moi especialmente os consellos de delegados, a ANPA, os órganos de participación do profesorado e o consello escolar do centro. Desde o IES queremos facer fronte ás tendencias disgregadoras e inculcar o sentimento de pertenza a unha democracia deliberativa formando unha cidadanía educada na virtude cívica e preparando á futura cidadanía para a sociedade do coñecemento, facilitando a igualdade de acceso aos bens dunha cultura cualificada e democrática. A escola pública ten que ser un modelo na transmisión dos valores democráticos nos que se asenta a convivencia pacífica de toda a cidadanía. Unha educación participativa e democrática é a mellor escola de formación para a cidadanía. Unha cidadanía na que se poden e deben integrarse harmonicamente a galega, a española, a europea e a mundial. A educación democrática debe facilitar a formación de identidades complexas ou múltiples en sociedades cada vez máis globalizadas.

2.- En relación á formación académica e científica do alumnado:

Cómpre considerar que no Instituto de Pontepedriña se imparten tres niveis educativos claramente diferenciados, un obrigatorio (Ensinanza Secundaria Obrigatoria) e outros dous post-obrigatorios (Bacharelato e Ciclos Formativos). Hai obxectivos comúns para ambas etapas (a formación do alumnado debe inspirarse nos mesmos valores e promover actitudes semellantes) pero deben establecerse tamén as diferenzas.

- Os Ciclos Formativos están orientados á incorporación inmediata do alumnado ao mundo laboral, polo que o profesorado tratará de desenvolver unha educación centrada na adquisición de competencias socioprofesionais básicas e específicas que fagan posible esa incorporación coa mellor probabilidade de éxito. Neste sentido se incidirá sobre todo nos aspectos máis prácticos e vinculados ao

mundo laboral, e se potenciará a conexión do IES Pontepedriña coas entidades e empresas do contorno, vinculadas ás titulacións específicas: Técnico en Comercio e Técnico superior en Xestión Comercial e Márketing, Comercio Internacional e Animación Sociocultural.

- O Bacharelato constitúe un nivel educativo non obrigatorio orientado á prosecución doutro tipo de estudos de capacitación profesional – preceptivo para o acceso aos Ciclos Formativos Superiores– ou, no seu caso, universitarios. O profesorado tratará de que a maioría do alumnado que opte por estudos de Bacharelato estea capacitado, ao remate dos mesmos, para continuar con normalidade nos niveis superiores.
- A Educación Secundaria Obrigatoria é de distinta natureza. A formación de toda a poboación dun país debe ocuparse de desenvolver as capacidades que posúa cada persoa; as metas comúns que se perseguen e que se basean na concreción do currículo establecido poderán non ser acadadas por algún alumnado ou ser amplamente superadas por outro. Estes dous grupos teñen tamén o dereito a ser atendidos para aproveitar ao máximo as súas capacidades e no caso de deficiencias graves, o centro velará pola dotación dos medios de apoio, materiais e persoais, que sexan necesarios para a atención educativa do alumnado que as padeza. Posto que o título de Graduado en Educación Secundaria é imprescindible para o acceso aos niveis formativos de Bacharelato e de Formación Profesional de grao medio, haberá que orientar o alumnado na elección dos estudos para os que se considere máis capacitado ou nos que estea máis interesado, de bacharelato ou formación profesional de grao medio ou dos programas de cualificación profesional inicial, naqueles casos nos que non se desenvolvesen as capacidades que se consideran imprescindibles para seguir os estudos da educación secundaria postobrigatoria.

O tipo de tarefas e procedementos que se utilizarán na Ensinanza Secundaria deberán favorecer pois o desenvolvemento de aptitudes diversificadas, mentres que no Bacharelato insistirase máis en conseguir unha maior especialización científica, técnica e cultural e nos Ciclos Formativos, a especialización profesional.

En ningún caso se perderá de vista que a finalidade principal de todo o sistema escolar non universitario, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclos Formativos, é a formación humana integral de cada persoa, e que a adolescencia e primeira mocidade é unha idade que precisa dunha atención específica.

Todas as persoas van construindo durante a súa adolescencia unha determinada visión do mundo na que inflúen tanto a familia, o grupo de referencia (por exemplo *as amizades*) e os medios de comunicación, como o sistema escolar. Simultaneamente e en relación con esta visión do mundo fórmanse tamén unha imaxe propia que se reflicte na súa autoestima, na

súa autonomía ou heteronomía e na apreciación da propia competencia. A visión que cada adolescente ten da súa propia persoa condiciona o seu progreso na aprendizaxe podendo influír no proceso se son capaces de regulalo e dirixilo, elaborando un modelo ou esquema de como aprenden. Quen o consegue (quen é consciente de como aprende) obtén mellores resultados escolares e reforza o *autoaprecio*. Polo tanto o profesorado orientará ao alumnado para que desenvolvan a capacidade de coñecer a súa propia maneira de aprender, axudándoo a superar os seus erros e limitacións, destacando os acertos e progresos.

Por último, cómpre destacar a importancia que ten para a formación académica do alumnado o emprego dos recursos educativos que en cada momento poidan ser os máis axeitados. Por ese motivo, na xestión do centro ocupará un lugar central a dotación, lóxicamente dentro das posibilidades orzamentarias, de todos os recursos que sexan necesarios para asegurar a posibilidade de ofrecer ao noso alumnado unha educación e formación de calidade.

3.- En relación coa formación cultural, alén da académica

O Instituto de Pontepedriña debe ser un ámbito de formación e cultura para tódalas persoas que traballan nel. Na medida das súas posibilidades, o centro contribuirá á formación profesional continuada do profesorado, propiciando a innovación educativa e colaborando nas actividades específicas de formación que cheguen a promoverse, sexa por áreas ou por grupos de profesores e profesoras con preocupacións comúns.

O Centro organizará, na medida das súas posibilidades, actividades complementarias ás escolares que redunden en beneficio da mellor formación do alumnado: Conferencias, actos culturais, deportivos e recreativos, intercambios, etc., e colaborará con aqueles outros de carácter similar que sexan promovidos por outras institucións e colectivos sociais. Apoio e mención especial merecerían as actividades de participación directa do alumnado (teatrais, musicais, deportivas, etc) tanto polo seu valor formativo e cultural como polas relacións de convivencia e amizade que fomentan entre o alumnado.

O Centro estará aberto ao seu contorno e as iniciativas que nel se susciten. Tratará de manter unha política de comunicación coa sociedade baseada na transparencia, proporcionando información das actividades que desenvolva, tanto a través da revista escolar, da páxina web, u dos medios de comunicación comerciais.

Como espazo aberto á formación e á educación, colaborará preferentemente, e sempre que sexa posible, nas actividades que con esta finalidade organicen os colectivos con presenza nel: Alumnado, profesorado, pais e nais, etc., sempre que teñan un carácter cultural, democrático e non partidista e que, no seu caso, poidan interesar a un maior número de persoas.